OS OLLOS DO CONTOMAR

UNHA EXPERIENCIA DE FOMENTO DA LECTURA

Os ollos do Contomar. Unha experiencia de fomento da lectura é a primeira publicación de Espazo Lectura, editada en colaboración co Concello de Gondomar e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. As primeiras trinta páxinas están dispoñibles en pdf na web de Espazo Lectura (www.espazolectura.org).

Os ollos do Contomar componse de fotografías de Manuel G. Vicente acompañadas de pequenos textos dunha ampla nómina de autores e autoras nos cales se reflexiona sobre a lectura e o libro.

Trátase dunha crónica en imaxes dividida en dúas partes:
1) Na primeira, titulada "Os ollos do Contomar", quíxose contar, a través das imaxes tomadas polo fotógrafo Manuel G. Vicente ao longo do ano 2008, o que ocorre todos os luns á tarde na Biblioteca Municipal de Gondomar durante as sesións da actividade fundacional de Espazo Lectura: o Contomar, contacontos destinado a nenos e nenas de 3 a 9 anos no cal son as propias nais e pais quen lles len e contan contos aos seus fillos.
2) A segunda parte está centrada na actividade "Unha noite na biblioteca", organizada, por primeira vez en Galicia, na noite do 21 ao 22 de xuño de 2008, cando 27 nenos e nenas de 6 a 12 anos quedaron a durmir na Biblioteca Municipal de Gondomar.

Os textos que acompañan as fotografías son de dous tipos. Gran parte proveñen dunha coidada selección de fragmentos de diferentes autores e autoras. Destes, moitos son

referentes da animación á lectura –como Daniel Pennac, Giani Rodari, Víctor Moreno, Daniel Cassany, Agustín Fernández Paz…–, outros, grandes autores e autoras da literatura universal e, especialmente, da literatura galega, como Günter Grass, Paul Auster, John Berger, Xabier P. DoCampo, Rosa Aneiros, Suso de Toro, Víctor Freixanes, Antonio García Teijeiro, Teresa Moure, Manuel Rivas… Algúns deles, como os fragmentos de artigos de prensa de Rosa Aneiros, Antonio García Teijeiro ou Manuel Bragado falan expresamente de Espazo Lectura.
Un grupo máis reducido de textos foron escritos *ex profeso* para este volume por escritores e escritoras que colaboraron dalgunha maneira con Espazo Lectura, tales como Cándido Pazó, Fina Casalderrey, Miguel Vázquez Freire, Paula Carballeira, María Reimóndez ou Xavier López Rodríguez.

"Non hai espectáculo máis fermoso que a mirada dun neno que le", esta cita de Günter Grass é o primeiro texto do libro e describe perfectamente o contido desta obra, pois son os ollos dos nenos e nenas que participan nas actividades de Espazo Lectura e a lectura mesma os grandes protagonistas de *Os ollos do Contomar*.

Espazo Lectura

http://www.espazolectura.org
espazolectura@espazolectura.org
Contacto: 619.29.29.91